




SOLUCIÓN DE LOS CONFLICTOS EN EMPRESAS Y ORGANIZACIONES»

Editorial Pirámide, 2009. Joan Boada i Grau


É un libro ameno de ler e con multitude de casos prácticos sobre como resolver os diferentes conflitos que surden en calquera organización. Ensina a xestionalos axeitadamente procurando solucións que non xeren novos problemas. O traballo está coordinado por Joan Boada, profesor titular de universidade de Recursos Humanos e investigador, pero na súa elaboración participaron máis docentes, consultores e directivos. Como afirma o presidente da Deputación de Tarragona, Josep Poblet, *“con este libro aprendín a evitar a negatividade dos conflitos e a abordalos con amplitude de miras procurando a obxectividade.”*



EL MODELO GOOGLE»

Editorial Granica, 2009. Bernard Girard

Como unha empresa que non gastou un céntimo en comunicación e que deixa que o público a critique se converte nunha das marcas máis coñecidas do mundo? O experto consultor Bernard Girard propón “unha revolución de management” analizando polo miúdo, por primeira vez, as novedosas prácticas xerenciais de Google e amosando cómo o seu modelo de administración e de innovación pode servir de exemplo ás empresas de tódolos países e tódolos sectores. Nutrido dun fondo coñecemento da teorías e prácticas da xestión empresarial, este traballo achega pistas indispensables a todos os que desexan seguir sendo competitivos.



MI PADRE ES UN MAGO»

Editorial ESIC, 2009. María Ángeles Chavarría

Non é tarefa fácil estar á fronte dunha empresa familiar e iso descubriro pronto o protagonista desta historia a través da experiencia do seu pai, da complicidade coa súa nai e da súa intensa curiosidade. Deste xeito, cando xa de adulto ten que asumir o legado familiar, deberá poñer nunha balanza os problemas e as satisfaccións que pode achegarlle. Para iso dará marcha atrás no tempo e achegarase a diversos episodios da súa infancia antes de responder ao dilema que lle propón o seu proxenitor: continuar á fronte da empresa que este fundou ou non.



TIEMPO PARA DECIDIR»

Editorial Empresa Activa, 2009. Raúl Castro

Xa se está distribuíndo nas librerías a segunda edición de “Tiempo para Decidir”, revisada e ampliada pola editorial Empresa Activa. Trátase dunha novela empresarial que amosa os paralelismos existentes entre a empresa e o mundo do deporte, concretamente do baloncesto, onde a clave principal que conduce ao éxito é o traballo en equipo. Como antigo xogador e entrenador, aínda que posteriormente formado en ICADE e IESE, Raúl Castro defende valores como a xenerosidade, o esforzo ou o compromiso que, hoxe en día, son máis necesarios ca nunca á hora de xestionar persoas dentro de calquera organización.

